

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 8174** *Real decreto 638/2015, do 10 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das comunidades europeas e os réximes públicos de previsión social españois.*

O Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das comunidades europeas e os réximes públicos de previsión social españois, establece as normas necesarias para o cálculo do equivalente actuarial dos dereitos pasivos que poidan entenderse acreditados no réxime de clases pasivas do Estado, no réxime xeral ou en calquera outro réxime especial do sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, establece os criterios que se deberán seguir con respecto ao equivalente actuarial que se transfira desde o sistema de previsión social comunitario de cara á súa transformación en equivalente actuarial das respectivas pensións no réxime de previsión nacional en que quede encadrado o interesado.

Os artigos 7 e 9 do citado real decreto regulan, respectivamente, os procedementos para o exercicio dos dereitos a tales transferencias e fixan un prazo de seis meses para realizalo.

O artigo 7, referido ás transferencias desde os réximes nacionais de previsión, determina que o cómputo do prazo indicado se realizará a partir do nomeamento definitivo, no caso dos funcionarios comunitarios, ou, como moi tarde, da data en que se acrediten as condicións establecidas no Estatuto dos funcionarios das comunidades europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do 29 de febreiro, para o dereito á pensión, cando se trate de axentes temporais.

E no artigo 9, sobre transferencias desde o sistema de previsión social comunitario, establécese que o prazo de 6 meses se computará a partir do ingreso ou reingreso en calquera das administracións públicas, ou desde o inicio dunha actividade por conta allea ou propia que dea lugar á inclusión en calquera dos réximes de previsión nacional.

Con posterioridade á publicación do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, o Regulamento (CE, Euratom) n.º 723/2004, do 22 de marzo, do Consello, polo que se modifica o Estatuto dos funcionarios das comunidades europeas e o réxime aplicable a outros axentes das comunidades europeas, normas aprobadas polo Regulamento 259/1968, do 29 de febreiro, introduciu cambios no estatuto e, en particular, nas disposicións referentes ás transferencias de dereitos para permitir o beneficio dunha pensión.

En concreto, o punto 98, alínea j), ii, do anexo I, modifica o número 2 do artigo 11 do anexo VIII do estatuto e amplía o prazo para facer transferir ás comunidades o capital correspondente aos dereitos á pensión, que se poderá levar a cabo entre o momento do nomeamento definitivo do funcionario que entra ao servizo das comunidades e o momento en que cause dereito á pensión de xubilación, consonte o artigo 77 do citado estatuto.

Como consecuencia diso, entendeuse ampliado o prazo de 6 meses que recolle o artigo 7.2 do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, para exercer o dereito ás transferencias polos interesados desde os réximes públicos de previsión social españois ao sistema de previsión social comunitario.

A través deste real decreto fíxase, por tanto, o prazo en dez anos e seis meses, seguindo o módulo temporal concreto que aplican as institucións europeas con base no artigo 77 do Estatuto dos funcionarios das comunidades europeas, que dispón que o funcionario que complete, como mínimo, dez anos de servizo terá dereito a unha pensión de xubilación.

No entanto, o estatuto antes mencionado consagra o dereito do funcionario a solicitar as transferencias desde o sistema de previsión social comunitario sen fixar límite temporal ou ningún prazo para o seu exercicio, polo que o artigo 9.2 do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, non pode establecer tampouco ningún prazo para o exercicio do dereito ás transferencias desde o sistema de previsión do persoal da Unión Europea aos réximes nacionais, pois no caso contrario vulneraríase o teor do artigo 11.1 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios comunitarios.

Polo que respecta á forma de calcular o importe da pensión final, o artigo 4.2 do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, establece como norma para determinar o equivalente actuarial que se debe transferir ao sistema de previsión social comunitario que tanto a pensión anual de xubilación como a pensión anual de viuvez correspondente se actualizarán en función da variación do índice de prezos de consumo ata a data de cálculo, esta actualización non se prevé na normativa para as transferencias de dereitos aos réximes nacionais de previsión.

Por isto se considerou máis adecuado outorgar un tratamento homoxéneo a ambos os supostos de transferencias e así evitar o custo económico que podería comportar a regulación actual para o sistema da Seguridade Social. En consecuencia, modifícase tamén neste real decreto a redacción do artigo 4.2 do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, e elimínase da fórmula prevista a actualización das pensións conforme o índice de prezos de consumo nas transferencias ao sistema de previsión social comunitario.

No proceso da súa tramitación, o real decreto foi sometido á consulta das administracións públicas implicadas e dos interlocutores sociais.

Este real decreto dítase de conformidade co previsto na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e dos ministros de Defensa e de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das comunidades europeas e os réximes públicos de previsión social españois.*

O Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das comunidades europeas e os réximes públicos de previsión social españois, queda modificado como segue:

Un. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 4 nos seguintes termos:

«2. A determinación do equivalente actuarial (Ea) realizarase a través da seguinte fórmula:

$$Ea = Px \cdot a_{\alpha-x} / a_x^{(12)} + PV \cdot 0,77 \cdot a_{x/y}^{(12)}$$

Onde:

Px: é a pensión anual de xubilación que corresponda na data de ingreso ao servizo das comunidades en función dos anos cotizados.

$a_{\alpha-x} / a_x^{(12)}$: é o valor actual dunha renda vitalicia, unitaria, anual e pospagable, diferida á idade legal de xubilación (α) e pagadoira mensualmente, calculado segundo a idade do interesado na data da solicitude (x).

PV: é a pensión anual de viuvez.

0,77: é o coeficiente que recolle a probabilidade de estar casado.

$a_{x/y}^{(12)}$: é o valor actual dunha renda unitaria, pagadoira mensualmente á cabeza e mentres viva a partir do falecemento de x .

Os valores das rendas (${}_{\alpha-x}a_x^{(12)}$ e $a_{x/y}^{(12)}$) segundo o sexo e a idade do interesado no momento en que solicite a transferencia, calculadas a un xuro técnico do 3,5 por 100, recóllense na táboa que figura no anexo deste real decreto».

Dous. O número 2 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«O prazo para exercer o dereito será de dez anos e seis meses contados a partir do nomeamento definitivo, no caso de funcionarios comunitarios, ou desde a data do nomeamento ou do inicio das súas funcións, cando se trate de axentes temporais».

Tres. O número 2 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«Non se establece límite temporal nin prazo para exercer o dereito a partir do ingreso ou reingreso en calquera das administracións públicas, ou desde o inicio dunha actividade por conta allea ou propia que dea lugar á inclusión en calquera dos réximes enunciados no artigo 1.1 deste real decreto».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltanse os titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social, de Defensa e de Facenda e Administracións Públicas para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN